

PROCESO DE SEGUIMENTO DO
TÍTULO SUPERIOR EN ARTE DRAMÁTICAANEXO III
AUTOINFORME

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Servizo Calidade
1	Novembro 2015	Acreditación ACSUG	30-11-2015
2	Febreiro 2018	Novo Autoinforme ACSUG	Consello Escolar 27-02-2018

DATOS DA TITULACIÓN

<i>Denominación da titulación</i>	Título Superior en Arte dramática, nas especialidades de Dirección escénica e Dramaturxia, Escenografía e Interpretación (3)
<i>Curso de implantación da titulación</i>	Itinerarios en Dirección escénica, Dramaturxia, Escenografía, Interpretación textual, interpretación xestual (5) 2005-2006, RD 754/1992 LOXSE 2010-2011, RD 630/2010 LOE/LOMCE
<i>Datos do centro en que se imparte</i>	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia Poza Cabalo s/n, 36212 VIGO 986.246399 (teléfono) 986138075 (fax) esad.galicia@edu.xunta.es
<i>Curso académico obxecto de seguimento</i>	2014-2015
<i>Datos do responsable de calidade do centro</i>	Mónica Groba Lorenzo 986.246399 ex. 33 mgroba@edu.xunta.es
<i>Órgano responsable da elaboración do autoinforme</i>	Dirección do centro Departamento de Calidade
<i>Órgano responsable da aprobación do autoinforme</i>	Consello Escolar Servizo de Garantía Interna de Calidade Dirección do centro
<i>Data de aprobación do autoinforme</i>	27 de febreiro de 2018

DIMENSIÓN 1: INFORMACIÓN PÚBLICA

<i>Enlace á páxina web</i>	www.esadgalicia.com
<i>Observacións:</i>	Na páxina web da escola ofrécese toda a información relevante en relación coas actividades vinculadas coa titulación obxecto de seguimento. Conta cun apartado específico para o Sistema de Garantía Interna de Calidade onde se incorporan os procedementos en curso e aqueles outros que a dinámica de traballo aconselle introducir. Na actualidade están desenvolvidos e aplicados os procedementos relacionados coas actividades administrativas e académicas, e faltan por elaborar os que se relacionan coa xestión económica do centro, que se incorporarán ao Manual de Calidade ao longo do curso 2018-2019.

DIMENSIÓN 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

<i>Análise valorativo do cumprimento do proxecto establecido por criterio</i>	
<i>Xustificación</i>	O proxecto foi establecido pola Consellería de Educación en 2005 cando a través do Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se creaba a Escola Superior de Arte Dramática en Vigo, modificado posteriormente Polo Decreto 24/2006, de 23 de febreiro, que

establecía que a denominación do centro fose a de Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. O Plan de estudos, elaborado ao abeiro do disposto no Real Decreto 754/1992, que regulaba os aspectos básicos do currículo dos estudos superiores de arte dramática, foi publicado no Decreto 220/2005, do 7 de xullo (Diario Oficial de Galicia do 8 de agosto). Igualmente a Consellería de Educación ditaba as “Instrucións de 13 de setembro de 2005” e a “Circular 18/2006” que contiñas aspectos básicos para a organización e funcionamento do centro, e para a construción da súa arquitectura institucional, aspectos que aparecen reflectidos nos diferentes procedementos que integran o Manual de Calidade, en especial nos seus capítulos 2, 3 e 4.

Posteriormente, coa promulgación da LOE, púxose en marcha un novo modelo de currículo establecido no Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro que establecía a ordenación das ensinanzas artísticas superiores e polo Real Decreto 630/2010, do 14 de maio, que establecía os contidos mínimos do currículo dos estudos superiores de arte dramática. Posteriormente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicaba a Orde do 30 de setembro de 2010 que establecía o currículo para os estudos superiores de arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e a corrección de erros da mesma orde publicada en DOG o 17 de abril de 2012.

No curso escolar 2010-2011, por tanto, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia iniciaba a posta en marcha dun novo modelo de currículo caracterizado por ser concibido e elaborado ao abeiro do disposto para as ensinanzas integradas no Espazo Europeo da Educación Superior, e incorporando conceptos clave que afectan aos procesos de ensinanza e aprendizaxe como o denominado ECTS.

Desde entón, setembro de 2010, a ESAD de Galicia vén desenvolvendo ese modelo de currículo, incorporando aos seus documentos normativos e aos procedementos vinculados coa titulación e cos procesos de ensinanza e aprendizaxe todas as novidades e melloras que aconsella o que as ensinanzas se integren no Espazo Europeo da Educación Superior: titorías de grupo, titorías docentes, guías docentes, avaliación por competencias, traballo autónomo do alumnado, promoción da creación, consideración do perfil de egreso (introducindo disciplinas como pedagogía teatral e introdución á investigación en tanto o perfil profesional establece que os titulados deberán ser competentes en para o exercicio da docencia e da investigación).

Consonte ese novo escenario implícito no EEES a ESAD de Galicia, propuxo en 2010 á administración educativa a reorganización dos departamentos didácticos, para atender novas demandas. Así reduciuse o número de departamentos didácticos para incorporar na estrutura organizativa da Escola os departamentos de (*) Calidade, e de (*) Mobilidade e transición, segundo establece a Circular 9/2010 da Dirección Xeral de Educación.

Máis recentemente, e ao abeiro da modificación do Real Decreto 1614/2009 de ordenación das ensinanzas artísticas superiores, mediante o Real Decreto 21/2015, de 23 de xaneiro (BOE do 7 de febreiro de 2015), polo que as ensinanzas perden a condición de

estudos de grao, e recuperan a súa denominación de estudos superiores, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica o Decreto 179/2015, que regula os estudos de arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 21 de Novembro de 2016, que o desenvolve (normativa accesible na páxina WEB do centro, no apartado de Calidade e na sección Documenta).

Na actualidade estas dúas normas son as vixentes.

Acceso e admisión

O acceso aos estudos superiores de arte dramática e os procedementos de admisión son os establecidos na lexislación vixente, cuestións que aparecen recollidas no capítulo 6 do Manual de Calidade, en especial no PC601.01 Probas de acceso e no IP601.08 Cousas que cómpre saber para estudar Arte dramática.

Para acompañar este proceso a ESAD de Galicia ten establecidos diferentes mecanismos de información pública e asesoramento, que son:

- A páxina web da Escola conta cun apartado específico dedicado ás probas de acceso, no que se inclúen os apartados máis importantes.
- Todos os anos desde inicio de curso envíase aos departamentos de orientación dos institutos de secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia información sobre as probas de acceso coa antelación suficiente. Tamén se establece contacto cos departamentos de orientación dos institutos de secundaria con ensinanzas de bacharelato, ofrecendo todo tipo de información.
- No mes de marzo faise pública toda a información relativa ás probas de acceso a realizar en xuño/xullo, en especial a relativa ao número de prazas de novo ingreso, e ao desenvolvemento dos diferentes exercicios de que constan as probas. Igualmente infórmase dos prazos de inscrición nas probas e datas de realización das mesmas.
- Promoción de visitas de centros de secundaria á ESAD de Galicia para coñecer as instalacións, a oferta educativa, o traballo que se realiza no día a día e facer presentacións breves de traballos do alumnado en aula.
- Visitas de profesorado da ESAD de Galicia a centros que así o solicitan.
- Atención personalizada ás demandas de información no correo electrónico da ESAD, en tanto a todas as persoas se lles contesta nun prazo non superior aos dous días, se lles propón a posibilidade de visitar a escola e mesmo de manter entrevistas coa dirección para aclarar dúbidas.
- Presenza en feiras como CULTURGAL, EDUGAL e outros eventos de difusión da oferta educativa dos centros de ensino.
- Propaganda en prensa e en revistas de ocio.
- Información en redes sociais.

Planificación das ensinanzas

Desde o primeiro momento a ESAD de Galicia procurou contar cunha oferta educativa adecuada ás necesidades do tecido teatral galego, e por iso é unha das poucas escolas de España que conta coas tres especialidades contempladas na lexislación vixente, e ademais incorpora os itinerarios máis demandados: Dirección escénica e

dramaturxia (itinerario en Dirección escénica e Itinerario en dramaturxia), Interpretación (itinerario en Interpretación textual e Itinerario en Interpretación xestual) e Escenografía.

Para cada unha das especialidades contémpanse catro cursos académicos dos que os dous primeiros son comúns, sendo os dous últimos aqueles nos que se concreta o currículo de cada itinerario en cada especialidade. Como finalización dos estudos o alumnado debe presentar un Traballo de Fin de Estudos.

Todas as materias teñen carácter cuatrimestral.

Logo da Implantación do currículo contemplado na Orde do 30 de setembro, detectáronse algunhas disfunción na prelación das diferentes materias e disciplinas, polo que se trasladou á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha proposta de mellora que foi aceptada, e incorporada ao Decreto 179/2015. Esta nova ordenación do currículo foi aplicada nos curso escolares 2016/2017 e 2017/2018.

O curso escolar, con 38 semanas de duración, organizase en dous cuatrimestres. O primeiro vai de setembro a mediados de xaneiro e o segundo de mediados de xaneiro a primeiros de xuño, ao remate dos que se realizan as convocatorias ordinarias de exames e outras probas, como as mostras públicas (exhibición de traballos de creación obxecto de cualificación). Unha boa parte do mes de xuño e o mes de xullo utilízanse para a presentación de Traballos de Fin de Estudos, probas de acceso e convocatoria extraordinaria de exames.

Recursos humanos

A escola conta cun cadro de persoal integrado por 38 profesores/as a tempo completo, tres persoas en conserxería, dúas persoas en administración e secretaría, e tres persoas para servizos de limpeza.

Nos últimos anos a ESAD perdeu recursos humanos, en tanto se aplica a normativa de secundaria, malia que o centro ofrezca unha titulación equivalente a un grao universitario, o que impide dar sentido aos principios pedagóxicos que informan o Espazo Europeo de Educación Superior e mesmo a aplicación do sentido último do ECTS.

A consideración do centro e das ensinanzas como propias do nivel de secundaria incide moi negativamente na equiparación suposta das titulacións e na organización das actividades do centro.

Recursos humanos e servizos

Canto aos recursos humanos vinculados con servizos importantes para os procesos de ensinanza, aprendizaxe, creación e exhibición (estes dous últimos fundamentais nunha escola en que se forman profesionais das artes escénicas), e igualmente investigación, a Escola presenta un déficit notable, pois carece de persoal específico para o servizo de biblioteca (atendido por profesorado), e do persoal técnico propio de teatros e auditorios que acompañen os procesos de produción teatral nos diferentes ámbitos (iluminación, son, coordinación técnica, utilería, indumentaria...). Un conxunto de necesidades que foron trasladadas á administración educativa en diferentes ocasións e que, xunto con outras igualmente importantes, se indican no Plan Estratéxico 2013-2017, e que se incorporarán ao novo plan estratéxico.

Esas necesidades foron trasladadas unha e outra vez á administración educativa sen que se produciran as melloras esperadas, tal e como se explica no Anexo I do **DE113.04 Plan de melloras curso 2017-2018 e 2018-2019**. Por parte da dirección do centro trasladáronse ao Sr. Conselleiro responsable da administración educativa, repetidas solicitudes de entrevista e invitacións a visitar o centro sen que en ningún momento fosen atendidas nin unhas nin outras.

Indicadores de satisfacción e rendemento académico

A ESAD de Galicia non dispón dos recursos necesarios para a aplicación de enquisas de satisfacción. Por iso desde a dirección da escola se solicitou información e presupostos á empresa que realiza as enquisas de satisfacción para a Universidade de Vigo, e que se trasladou á administración educativa para os efectos oportunos, como se pode ver no Anexo I.

En relación cos outros indicadores, estes aparecen recollidos no **DE113.02 Información pública sobre datos e indicadores da titulación**.

Deseño e implantación do SGIC

Desde hai varios anos, na ESAD de Galicia véñense utilizando procedementos e documentos que se consideraron fundamentais no desenvolvemento dos procesos vinculados coa titulación (guías docentes, formularios...). Será no curso escolar 2014-2015 cando se elabore unha primeira versión do Manual de calidade que é o que aparece recollido Anexo I 01 Listaxe de procedementos. O Manual foi elaborado pola Dirección e o Departamento de Calidade, informado o Claustro de profesoras e profesores, e aprobado polo Consello Escolar do centro. Na súa aplicación e revisión incorpórase o Servizo de Garantía Interna da Calidade.

Na actualidade contamos cunha versión bastante avanzada do Manual de Calidade, e só quedan por incorporar ao mesmo procedementos vinculados coa xestión económica, labor que se realizará ao longo do curso escolar 2018-2019.

O Manual de Calidade está dispoñible na páxina WEB da escola, no apartado de Calidade, menú vertical.

O Servizo de Garantía Interna de calidade está integrado polas seguintes persoas

Manuel Francisco Vieites García (Director)
David Mortol Moreno (Secretario do centro)
Mónica Groba Lorenzo (Departamento Calidade)
Carmen Labella Rivas (profesorado)
Alicia Corral Alonso (profesorado)
Maite Candamo Romaní (alumnado)
David Carbó Falque (alumnado)
María Consuelo Pena Arjones (PAS)

Anexo I



ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA ESAD GALICIA

Sr. D. Manuel Francisco Vieites García
Poza Cabalo s/n
36212 Vigo
Pontevedra

Según su petición, se remite,

PRESUPUESTO ECONÓMICO

Servicios de apoyo profesional a encuestas de satisfacción de valoración docente, un total de 2.100 encuestas aplicadas, distribuidas en dos periodos del año –diciembre y mayo-:

- Diseño, maquetación, edición y entrega centralizada en la dirección indicada por ESAD de: 5.000 documentos de encuesta a dos colores; 1.000 ejemplares de documento de aplicación a dos colores y de sobres a un color; 200 documentos de aplicador/a a dos colores y material identificativo del mismo a un color. Documentación de proceso bajo modalidad **RECMA® JRI** para procesamiento óptico-electrónico fiable, con una estructura, en el caso del documento de encuesta, de preguntas en modalidad cerrada.
- Recogida centralizada de la documentación cumplimentada; procesamiento opto-electrónico; análisis de consistencias; depuración de archivos; creación de base de datos en modalidad precisada.

Edición y procesamiento realizados íntegramente en Laboratorio JRI Sistemas. Proceso realizado con aplicación de metodología y **Sistemas JRI**.

Asciende el presente presupuesto a:

- **Total (sin IVA):** 4.856,00 euros.
- **IVA 21%:** 1.019,76 euros.
- **Total (IVA incluido):** 5.875,76 euros.

Salamanca, 18 de febrero de 2015

(*) Los **Sistemas JRI** son creaciones propias y exclusivas de Laboratorio JRI, reconocidas e impuestas por su probada fiabilidad, protegidas en Propiedad Intelectual e Industrial ante la Oficina Española de Patentes y Marcas

SOLUCIONES CIENTÍFICAS INTEGRALES PARA LA GESTIÓN FIABLE Y AUTOMATIZADA DE DATOS